

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e seis de decembro de 2024, baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxó Fernández, e asisten á sesión a Secretaria Xeral do Pleno, dona Ana María rivas García, en substitución do vicesecretario accidental, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

1. Acórdase a aprobación das actas das Xuntas de Goberno Local ordinarias do 27 de novembro, 4, 11, 18 de decembro e a extraordinaria e urxente do 16 de decembro de 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a aprobación da licenza urbanística para a construción de nave industrial de produción, para la fabricación e elaboración de produtos pertencentes ó sector enerxético, así como as instalacións, vestiarios, comedor e oficinas necesarias para o desenvolvemento da actividade, na rúa Ramón María Aller Ulloa, parcelas B2 e B3 do PE as Gándaras (expte: 2023/Y001/000151).

Tamén se acorda a aprobación da licenza urbanística para construír un edificio na rúa das Artes, número 37 (expte: 2022/Y001/000306).

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

2. MEDIO RURAL.- Acórdase a aprobación da factura do contrato para o alugueiro dunha carpa para a celebración dunha xuntaza veciñal na parroquia de San Xoán de Pena (Nadela).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

4. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade na contratación dun servizo de campañas de publicidade institucional na prensa escrita de ámbito local (el progreso de Lugo SL) - lote 1 - e na prensa escrita de ámbito autonómico (la voz de Galicia SL) e a apertura do procedemento de contratación. exp. ref. 2024/C003/000033.

5. FOMENTO.- Acórdas aproba-lo texto e proceder á sinatura do convenio marco de colaboración educativa entre o Concello de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares do alumnado de tódalas titulacións oficiais de grao e máster universitario impartidas na USC .

Tamén se acorda execución e avaliación, no exercicio 2023, do Plan Estratéxico de subvencións 2023-2025, do Excmo. Concello de Lugo.

6. PERSOAL.- Acórdase a resolución da provisión do posto de xefe/a do servizo de medio ambiente mediante libre designación.

Tamén se acorda a prórroga da comisión de servizos dunha policía local.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

7. PARTICIPACIÓN CIDADÁ.- Acórdase a adxudicación de subvención directa e excepcional á asociación para a defensa ecoloxica de Galiza. Cif G15044811, para o proxecto "limpeza de pellets en praia do concello de barreiros con voluntariado do Concello de Lugo".

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

8. CULTURA.- Acórdase a convalidación omisión función interventora gañadores pintura rápida 2024.

Fóra da orde do día

- Acórdase aprobar o Plan extratécnico de subvencións 2023-2025, do Excmo. Concello de Lugo, actualización anualidade 2024.

- Acórdase a prórroga do convenio de colaboración entre aa Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, e o Concello de Lugo ea a empresa Monbus Urbanos S.A.U., como contratista do transporte urbano municipal, para a determinación das condicións de compensación tarifaria e obrigas asociadas as mesmas na Área de Transporte Metropolitano de Lugo.

- Acórdase aprobar a proposta da Vicesecretaria en relación ao informe de omisión interventora da Intervención Municipal número 2024/K004/000062.

- Dáse conta da acta da sesión da Comisión de seguimento previstaa no Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Lugo.

- Acórdas aprobar a proposta da Vicesecretaria en relación ao informe de omisión interventora de Intervención Municipal número 2024/k004/000063.

- Acórdase aprobar o Convenio específico 2025 coa Comisión Europea, dentro do Convenio marco 2021-2025, para ao proxecto Europe Direct-2021/2025 (código de proxecto 212410201.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.